Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A NUTRICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as diferentes partes e funcións dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor. Recoñecer as enfermidades dos aparellos do corpo humano. Xenerar material audiovisual de actualidade que complete as explicacións xerando interese no alumnado en investigar. Elaboración de boletín xeral de cuestións relacionadas. Corrección das cuestións. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade. Resolución de tarefas na aula virtual Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes e exercicios resoltos no caderno Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual Fichas de entrega individuais corrixidas e puntuadas 	<ul style="list-style-type: none"> Material fotocopiado. Fichas e exercicios de reforzo Recursos didácticos dixitais na aula virtual da materia, Unidade 8 Libro de texto EDITEX. Formato físico e libro virtual. Boletín de exercicios/problemas/cuestións/análisis 	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 PE.1 TO.1 	2,0
A RELACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as funcións dos sistemas nervioso e endócrino para posteriormente relacionalos cos distintos sistemas do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade. Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes e exercicios resoltos no caderno Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual ou en formato físico 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual ou en formato físico Material fotocopiado. Fichas e exercicios de reforzo 	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 PE.1 	2,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	Recoñecer as enfermidades dos aparellos do corpo humano. Xenerar material audiovisual de actualidade que complete as explicacións xerando interese no alumnado en investigar. Elaboración de boletín xeral de cuestións relacionadas. Corrección das cuestións. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula.	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de tarefas na aula virtual Preparación dun traballo grupal, posta en común en exposición oral e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual ou en formato físico 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto EDITEX. Formato físico e libro virtual. Boletín de exercicios/problemas/cuestións/análisis 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 	
A REPRODUCCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as partes e funcións do aparello reproductor Valorar a importancia das relacións sexuais seguras e métodos anticonceptivos. Xenerar material audiovisual de actualidade que complete as explicacións xerando interese no alumnado en concienciarse para a súa vida. Elaboración de boletín xeral de cuestións relacionadas. Corrección das cuestións. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade. Resolución de tarefas na aula virtual Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual Apuntes e exercicios resoltos no caderno Fichas de entrega individuais ou grupais correxidas e puntuadas 	<ul style="list-style-type: none"> Recursos didácticos dixitais na aula virtual da materia, Unidade 8 Material fotocopiado. Fichas e exercicios de reforzo Libro de texto EDITEX. Formato físico e libro virtual. Boletín de exercicios/problemas/cuestións/análisis 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 OU.4 PE.1 TO.1 TO.2 TO.3 	2,0
SAÚDE	<ul style="list-style-type: none"> Facer comprender e valorar o significado e a importancia da saúde, diferenciando 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes e exercicios resoltos no caderno 	<ul style="list-style-type: none"> Recursos didácticos dixitais na aula virtual da materia, Unidade 8 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 	2,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<p>entre enfermidade e doenza. Valorar a importancia das relacións sexuais seguras e métodos anticonceptivos. Xenerar material audiovisual de actualidade que complete as explicacións xerando interese no alumnado en concienciarse para a súa vida.</p> <p>Planificar un traballo grupal sobre ditos contidos. Elaboración de boletín xeral de cuestións relacionadas. Corrección das cuestións. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de tarefas na aula virtual Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula Preparación dun traballo grupal, posta en común en exposición oral e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual Fichas de entrega individuais correxidas e puntuadas 	<ul style="list-style-type: none"> Material fotocopiado. Fichas e exercicios de reforzo Libro de texto EDITEX. Formato físico e libro virtual. Boletín de exercicios/problemas/cuestións/análisis 	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 TO.1 TO.2 TO.3 	
SISTEMA INMUNITARIO	<ul style="list-style-type: none"> Explicar como funciona o sistema inmunitario. Facer comprender e valorar a importancia do uso das vaciñas e medicinas. Xenerar material audiovisual de actualidade que complete as explicacións xerando interese no alumnado en concienciarse para a súa vida. <p>Elaboración de boletín xeral de cuestións relacionadas. Corrección das cuestións. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade. Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula Resolución de tarefas na aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes e exercicios resoltos no caderno Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual ou en formato físico Fichas de entrega individuais ou grupais correxidas e puntuadas 	<ul style="list-style-type: none"> Recursos didácticos dixitais na aula virtual da materia, Unidade 8 Material fotocopiado. Fichas e exercicios de reforzo Libro de texto EDITEX. Formato físico e libro virtual. Boletín de exercicios/problemas/cuestións/análisis 	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 PE.2 TO.1 	2,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
TALLER DE HABITOS SALUDABLES	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar a importancia dos hábitos de vida saudable para que o alumnado coñeza e valore os hábitos alimentarios como forma de saúde. Elaborar actividades de exercicio físico moderado na contorna do centro educativo. Elaborar actividades de relaxación mental e reflexión grupal e individual na contorna do centro educativo. Facer comprender os perigos da drogodependencia e os trastornos alimenticios. Xenerar material audiovisual de actualidade que complete as explicacións xerando interese no alumnado en concienciarse para a súa vida. Planificar un traballo grupal sobre ditos contidos. Elaboración de boletín xeral de cuestións relacionadas. Corrección das cuestións. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e valorar a importancia dos hábitos de vida saudable • Coñecer e mellorar os seus propios hábitos alimentarios como forma de saúde • Practicar exercicio físico moderado e adaptado a cada alumno. Reflexionar e valorar os beneficios do mesmo • Reflexionar e aprender a coidar a súa saúde mental e a dos demais. Adquirir técnicas de regulación emocional • Comprender os perigos da drogodependencia (legal e non legal) e os trastornos alimenticios. • Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade. • Resolución de tarefas na aula virtual • Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula • Preparación de traballo grupal, posta en común en exposición oral e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fichas de entrega individuais ou grupais correxidas e puntuadas • Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual ou en formato físico • Apuntes da unidade e exercicios resoltos no caderno 	<ul style="list-style-type: none"> • Material fotocopiable. Fichas e exercicios de reforzo • Libro de texto EDITEX. Formato físico e libro virtual. • Recursos didácticos dixitais na aula virtual da materia, Unidade 8 • Boletín de exercicios/problemas/cuestións/análisis 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • OU.3 • OU.4 • PE.1 • PE.2 • TO.1 • TO.2 • TO.3 	10,0
TOTAL						20,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	ÁLXEBRA	20

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Resolve problemas en contextos cotiáns interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante	SI
RA5 - Usa a linguaxe alxébrica e as relacións lineais para resolver problemas sinxelos, comprobando a corrección e a coherencia das solucións atopadas	SI
RA10 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo	NO

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender o que son as expresións axebráicas, saber transformalas e manexar a linguaxe alxébrica	1	EXPRESIÓNS ALXEBRAICAS E OPERACIÓNS CON POLINOMIOS	10,0
1.2 Identificar os monomios , os polinomios e as súas características			
1.3 Obter valores numéricos, extraer factor común e aprender a factorizar polinomios			
2.1 Identificar e resolver ecuacións de primeiro grado sinxelas, con paréntesis e con denominadores	2	ECUACIÓNS DE PRIMEIRO GRADO	10,0
2.2 Traducir situacións da vida real a problemas e resovelos a través de plantexamentos con ecuacións de primeiro grado			
TOTAL			20

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	• PE.1	N	8
CA2.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	• PE.2	S	9
CA2.3 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado	• PE.3	S	8
CA2.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	• OU.1	N	8
CA2.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado	• PE.4	S	8
CA2.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	• PE.5	S	8
CA5.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	• PE.6	N	8
CA5.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	• PE.7	S	9
CA5.3 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	• PE.8	S	8
CA5.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	• OU.2	N	5
CA5.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	• PE.9	S	8
CA5.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica		S	5
CA10.1 Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias		S	8
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.

Contidos
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.
Números e operacións. Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais. Representación e ordenación de números na recta numérica. Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos. Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais (suma, resta, multiplicación, división e potencias con expoñentes enteiros). Propiedades das operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais.
Padróns e sucesións. Identificación de estruturas numéricas e gráficas. Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas, etc.
Linguaxe alxébrica. Comprensión do concepto de variable. Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica. Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao. Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes. Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións.
Relacións e funcións. Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica.
Estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de seren analizados utilizando programas e outras ferramentas.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
EXPRESIÓNS ALXEBRAICAS E OPERACIÓNS CON POLINOMIOS	<ul style="list-style-type: none"> Explicación e exemplos de uso de linguaxe alxebraica para saber interpretarlas e transformalas. Explicación do concepto de monomio e polinomio, as súas características e operacións de suma resta multiplicación e división. Ensinar a extraer factor común e o Método de Ruffini para factorizar. Corrección dos exercicios. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade. Resolución de tarefas na aula virtual Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas individuais e grupais entregadas na aula virtual Apuntes da unidade e tarefas resoltas no caderno Fichas de entrega individuais correxidas e puntuadas 	<ul style="list-style-type: none"> Material fotocopiado. Fichas e exercicios de reforzo Recursos didácticos dixitais na aula virtual da materia, Unidade 9 Libro de texto EDITEX. Formato físico e libro virtual. Boletín de exercicios/problemas/cuestións 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 OU.2 PE.1 PE.2 PE.3 PE.4 	10,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula.				<ul style="list-style-type: none"> • PE.5 • PE.6 • PE.7 • PE.8 • PE.9 	
ECUACIONES DE PRIMEIRO GRADO	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación e exemplos de resolución de ecuacións de primeiro grado, sinxelas, con paréntesis e denominadores. Explicación e exemplos de aplicación de problemas que se poden resolver mediante ecuacións de primeiro grado. Corrección dos exercicios. Planificar os recursos dixitais que se han de por a disposición do alumnado na aula virtual. Elaboración de material de reforzo adecuado os ritmos de aprendizaxe identificados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución no caderno do boletín asociado con esta actividade • Resolución de tarefas na aula virtual • Resolución de fichas de traballo diario nas sesións na aula 	<ul style="list-style-type: none"> • Fichas de entrega individuais correxidas e puntuadas • Tarefas entregadas na aula virtual • Apuntes da unidade e exercicios resoltos no caderno 	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos didácticos dixitais na aula virtual da materia, Unidade 9 • Libro de texto EDITEX Formato físico e libro virtual. • Boletín de exercicios/problemas/cuestións/análisis • Material fotocopiable. Fichas e exercicios de reforzo 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 • PE.8 • PE.9 	10,0
TOTAL						20,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA

A continuación se expoñen os CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS esixibles para acadar a avaliación positiva:

Expuxéronse preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles

Deseñáronse e realizáronse experimentos e obtivéronse datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, as ferramentas ou as técnicas adecuadas con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese

Interpretáronse os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas

Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado

Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión

Valorouse a contribución da ciencia á sociedade e o labor dos homes e as mulleres que se dedican ao seu desenvolvemento, entendendo a investigación como un labor colectivo en constante evolución, froito da interacción entre a ciencia, a tecnoloxía, a sociedade e o ambiente

Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas

Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado

Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado

Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica

Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas

Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica

Aplicáronse procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas, establecendo conexións entre áreas de coñecemento en contextos naturais, sociais e profesionais

Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas

Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas

Recoñecéronse e identificáronse órganos, aparellos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais, explicando os procesos fundamentais que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia

Recoñeceuse o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres, respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras

Avaliáronse os efectos de determinadas accións individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de doenzas

Identificáronse as drogas legais e ilegais considerándoas como causa de prexuízo non só para as persoas que as consomen senón tamén para as que están na súa contorna

Analizouse a función do sistema inmune na prevención e na superación das doenzas, concienciouse sobre o uso responsable de antibióticos e valorouse a importancia das vacinas e dos transplantes na sociedade

Recoñeceuse a información con base científica en relación coa saúde e as doenzas, distinguíndoa das pseudociencias, das falacias, das teorías conspiratorias e das crenzas infundadas, e mantendo unha actitude escéptica ante estes

Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No curso realizaranse as seguintes avaliacións:

- a) Tres avaliacións parciais de módulos. A primeira e a segunda avaliación son parciais . A terceira avaliación e final.
- b) Avaliación ordinaria final de módulos, coincidindo coa finalización das actividades lectivas.
- c) Avaliación final extraordinaria para o alumnado con módulos pendentes da avaliación ordinaria final, que se realizará nas datas que se establezan na orde pola que se aprobe o calendario escolar final deste curso.

Na sesión de avaliación final de módulos, o equipo docente tomará as decisións sobre a superación de módulos.

PROCEDEMENTOS

Nas fichas individuais do alumnado debe apuntarse todo o referente, non só á adquisición de contidos, mais tamén os comportamentos profesionais que o alumnado debe amosar no desempeño de cada actividades e o uso dos distintos procedementos. O período de rexistro debe abranger todo o curso escolar.

Precísase observar regularmente a cada alumno/a. Por medio de controis, colectivos ou individuais, chamadas á pizarra, traballos en grupo ou persoais e control do caderno de aula.

As probas escritas constituirán o instrumento primordial de avaliación de coñecementos, aínda que tamén se empregan outros instrumentos como a observación, anotación e rexistro.

Para cada unha das probas escritas durante o curso:

O alumno que durante a proba escrita sexa sorprendido unha vez falando cun compañeiro verá a calificación da proba reducida en 1 punto. Se fose sorprendido unha segunda vez a calificación da proba sería "0". No caso en que o alumno sexa sorprendido unha vez consultando ou usando material non autorizado na proba escrita a puntuación dos estándares que figuren ou se apoiem nese material será "0". A reincidencia levaría a unha puntuación de "0" en toda a proba. De darse o caso de que ese material non poida ser analizado polo profesor, por exemplo porque se trate dunha folla escrita que o alumno se nega a entregar, atendendo á presunción de veracidade do profesor, aplicarase o criterio do parágrafo anterior.

O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización de probas orais ou escritas de todo tipo (exámenes, controis de clase) considerárase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero na cualificación da correspondente proba.

Valoraranse os erros ortográficos e gramaticais, o uso de vocabulario, orden e limpeza e o emprego correcto de magnitudes e unidades.

Valorase o seguimento das instrucións específicas de cada exame e os requerimentos de cada enunciado. Véxase como exemplo: Exercicios de completar os ocos, cada palabra vai no oco que lle corresponde; Entregar as contas na folla do exame.

Estableceranse e comunicarse coa antelación suficiente as datas de realización de exames, no caso de non presentarse ao mesmo, establecerase una nova data soamente no caso de que a ausencia ao exame fose por causa xustificada pero nese caso deberá presentarse un xustificante oficial da causa (cita médica, etc).

A continuación expóñense a forma de cálculo da nota de cada avaliación así como a nota final do alumno

NOTA DA AVALIACIÓN

A nota da avaliación será un valor enteiro do 1 ao 10, obtido por redondeo ao sumar os seguintes apartados.

Será necesario acadar un 40% en cada apartado para poder aprobar a avaliación, obtendo unha cualificación máxima de 4 noutro caso.

Será composta de:

PROBAS ESCRITAS

Terán un peso do 60 %.

Farase unha media aritmética dos exames realizados en cada trimestre, que serán entre dous e tres por avaliación.

TRABALLO DO ALUMNADO.

Terá un peso do 40% distribuído en catro partes:

- 1- Observación directa do traballo da aula en cada sesión lectiva. Terá un peso do 10%.
- 2- Caderno ou libreta da materia. 10%
- 3- Participación activa nas sesións lectivas. 10%
- 4- Traballos individuais ou en grupo e tarefas (deberes). 10%

Para calcular a nota, por tanto, terase en conta:

- a. Realiza os deberes enviados polo profesor.
- b. Traballa en clase cando o profesor propón actividades.
- c. Corrixe actividades na pizarra.
- d. A libreta está completa, rigurosa, e debidamente cumprimentada cada día.
- e. Realiza as exposicións orais propostas, exercicios orais ou no encerado de xeito riguroso e cunha linguaxe apropiada.
- f. Realiza e entrega en tempo e forma requeridos traballos individuais ou en grupo.
- g. Realiza e entrega en tempo e forma requeridos os informes solicitados.
- h. Realiza e entrega en tempo e forma requeridos traballos individuais ou en grupo realizados fora da aula convencional (TICs, laboratorio, experimentos,....)

Pasado o prazo oficial de entrega de traballos, informes e cadernos de aula, o docente poderá rexeitar recoller dito traballo para efectuar a súa corrección e cualificalo cun "0" a efectos de calcular a nota da UD. Non serán penalizados os traballos entregados fóra de prazo por causa xustificada, pero nese caso deberá presentarse un xustificante oficial da causa (cita médica, etc).

Valoraranse os erros ortográficos e gramaticais, o uso de vocabulario, orden e limpeza e o emprego correcto de magnitudes e unidades.

NOTA FINAL: A nota final será un valor enteiro do 1 ao 10, obtido por redondeo ao sumar as dúas avaliacións. Será necesario acadar como mínimo un 4 en cada avaliación para poder aprobar o curso, obtendo unha cualificación máxima de 4 noutro caso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

6.a.1.- Alumnos con algunha avaliación non aprobada:

Ao comezo do segundo e terceiro trimestre haberá unha proba para recuperar a primeira e segunda avaliación. Antes da avaliación ordinaria, ao final do segundo trimestre, haberá outra proba para recuperar as avaliacións non superadas.

6.a.2.- Alumnos coa avaliación ordinaria non aprobada:

Aqueles alumnos que non acaden o aprobado ao longo das 3 avaliacións marcadas deberán acudir a avaliación extraordinaria co módulo completo. A proba incluírá cuestións teóricas e prácticas dos contidos mínimos esixibles da materia.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Procedementos de avaliación:

Segundo a normativa vixente, o alumnado que teña mais do 10% de faltas de asistencia, perderá o dereito a avaliación continua, e terá que ser avaliado ó final da impartición do módulo.

O tutor comunicarlle por escrito ó alumno, cando teña o 6% das faltas, unha advertencia sobre esta situación, e se chega ó 10% comunicarlle a perda da avaliación continua.

Chegados a esta situación de perda do dereito á avaliación continua poderán non permitirse ó alumno a realización das actividades prácticas.

Así mesmo, o alumno que perdera o dereito á avaliación continua terá un sistema extraordinario de avaliación. Dito proceso consistirá na realización de dunha proba escrita con contidos teóricos e/ou prácticos.

O desenvolvemento de estas probas terá lugar ó final do terceiro trimestre, sendo informado o alumno destas datas con anterioridade.

Segundo o artigo 20.5 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade

Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión a estas ensinanzas, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non lle será de aplicación ao alumnado de ciclos formativos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

7.1.- Seguimento da programación:

Ao longo do curso comprobarase se a temporalización dos contidos é axeitada ao ritmo real. Axustarase nas seguintes avaliacións aqueles contidos que non se puideran conseguir impartir no tempo programado.

7.2.- Avaliación da propia práctica docente:

Sen dúbida a avaliación da práctica docente é diaria. Detéctase rapidamente cando o grupo recibe unha explicación pouco axeitada que non consegue facer entender a materia. Un mesmo erro repetido en diferentes alumnos indica que a explicación do profesor non foi correcta, adecuada ou suficiente. Así, a avaliación da práctica docente podemos dividila en varias seccións, tendo en conta diferentes aspectos:

-Os resultados obtidos polos distintos grupos de alumnos: tendo sempre en conta as diferenzas de nivel, idade e situación persoal. É claro que un bo baremo é comprobar se a labor acadou uns resultados aceptables, en canto a porcentaxe de aprobados.

-Comparación con outros profesores do centro: Para comprobar se a determinada situación dun alumno é un caso xeral ou unha excepción, é moi útil a comparación con outros compañeiros, aínda de materias distintas, así como cos resultados dun alumno en cursos anteriores.

-Avaliación por parte do alumnado: Consistirá nunha enquisa anónima sobre diversos aspectos da labor docente, con preguntas como as seguintes:

A) CÓMO É O AMBIENTE NA CLASE?

- Hai un bo ambiente na clase?
- O trato entre alumnos é respetuoso?
- O/A alumno/a sintese respetado polo profesor?
- Resólvense os conflitos antes de que vaian a máis?
- Atópaste ben na clase?

B) CÓMO TRABALLAMOS NA CLASE?

- Entendes o profesor cando explica?
- O profesor explica só o do libro?
- Cómo che parecen as explicacións?
- O profesor atende a todos os alumnos?

C) CÓMO SON AS ACTIVIDADES E TRABALLOS?

- As preguntas están claras?

- Correspóndense cas explicacións?
- As actividades corríxense na clase?
- Foméntase a participación na clase?
- A cantidade de actividades é...?

D) CÓMO É A AVALIACIÓN?

- As preguntas dos exames están claras?
- Pregúntanse cuestións dadas previamente en clase?
- O profesor da o tempo necesario para facer os exames?
- Os exames corríxense logo en clase?
- O profesor ten en conta o meu traballo de xeito xusto?
- Valora a miña actitude?
- Valora o meu traballo diario na clase?
- O profesor explicou de xeito claro, os instrumentos e procedementos de avaliación?

E) PENSAS QUE É NECESARIO CAMBIAR ALGO?

- Escribe as tuas propostas de mellora.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras sesión de clase, realizaranse diferentes actividades de avaliación inicial sobre os contidos do módulo do curso anterior para poder indentificar o grado de coñecemento da materia por parte de cada alumno, así como o nivel medio da clase. Estas probas consistirán na realización en gran grupo de exercicios sinxelos aplicados a casos prácticos nos que identificar o nivel de coñecemento xeral da aula, e tamén no seguemento dos cadernos dos alumnos trala realización destas actividades.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Pasadas as primeiras sesións, especialmente a avaliación inicial, e unha vez coñecidos os alumnos, poderán deseñarse unha serie de medidas ordinarias de atención á diversidade que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe identificados no alumnado. Así pois, poderáse elaborar unha serie de boletíns para aqueles alumnos que non consigan seguir adecuadamente o ritmo normal da clase, entregar material de apoio e adaptar o ritmo das sesións. Os exercicios, personalizados, serán exclusivamente daquelas partes da materia nas que o alumno teña algún tipo de desfase curricular ou dificultade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O sistema educativo promove o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas, polo que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

O tratamento dos temas transversais maniféstase de diversas formas: mediante a actitude no traballo en clase, na formacións dos grupos, nos debates... Esta presenza concrétese no módulo científico a través dos contextos dos problemas, exercicios ou situación que se tratan na clase.

Algunhas das ensinanzas transversais nesta área son:

Educación moral e cívica: calquera actividade na que aparezan diferenzas de raza, relixión ou ideais pode servir para fomentar valores de solidariedade, igualdade ou cooperación.

Educación para a paz: identificar elementos estatísticos presentes nas argumentacións sociais, políticas e económicas, analizando criticamente as funcións que desempeñan.

Educación do consumidor: utilizar as formas do pensamento lóxico para organizar informacións relativas a vida cotiá; interpretar e analizar criticamente os elementos presentes nas noticias e na publicidade.

Educación para a saúde: ter en conta as prácticas saudabeis, comprender a importancia do consumo, o a falta do mesmo, de certas sustancias para a saúde así como os efectos beneficiosos da práctica do deporte ou os riscos dos bruscos cambios de peso.

Educación ambiental: valorar a importancia do reciclado, a reutilización e a redución de recursos para coidar o entorno, a necesidade de evitar a contaminación da auga para conservar a biodiversidade.

Educación para a igualdade de sexos: fomentar o recoñecemento da capacidade de cada un dos compañeiros para desempeñar todo tipo de tarefas, así mesmo o respecto e a valoración das solucións que cada un aporta. As actividades que se desenvolven en grupo favorecen a comunicación, unha correcta convivencia; os agrupamentos heteroxéneos facilitan a asimilación da igualdade entre os sexos.

Educación vial: interpretar representacións planas de espazos e obter información sobre posicións e orientacións, así como utilizar con soltura escalas numéricas ou a interpretación de informacións horarias relativas

a medios de transporte.

Ademáis, a través do Plan de Acción Titorial tratarase de colaborar coa educación en valores co obxectivo de:

Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no CIFP, e favorecer un clima de convivencia, tolerancia e colaboración.

Contribuír a personalizar a relación educativa fomentando a confianza entre o alumnado e o profesorado á hora de abordar posibles dificultades, canalizando a axeitada atención aos intereses e ás suxestións do alumnado.

Colaborar na consecución dun mellor ambiente de traballo, disciplina e puntualidade no grupo.

Axudar e orientar o alumnado sobre o seu rendemento académico, colaborando no ensino de hábitos e actitudes positivas para o estudo, e de técnicas de traballo intelectual.

Contribuír á coherencia no desenvolvemento das programacións do profesorado do grupo a través da coordinación dos procesos de avaliación e da adopción de medidas educativas para dar resposta ás necesidades detectadas

Proporcionarlle ao alumnado información e asesoramento con respecto á diversidade de opcións académicas e profesionais, facilitando así a toma de decisións respecto ao futuro escolar e socio laboral.

Establecer canles de comunicación coas familias, especialmente no caso do alumnado menor de idade, para colaborar coa súa educación en valores de forma conxunta.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares organizaranse en colaboración cós restantes departamentos e se poderán levar a cabo dependendo dos resultados e comportamento do grupo.